

O famoso **Doutor Peidorretus**
é o maior **especialista** do mundo en **peidos**.
Neste libro atoparás a súa importante **clasificación**.
Coñecerás o **megapeido**, o **peido en catarata**,
o **amortecido** ou o silencioso **peido ninja**.
Ademais, botan peidos os **mergulladores**
baixo a auga? As **astronautas**? E as **profesoras**
ou os **directores de orquestra**?



Os peidos do Doutor Peidorretus

Pilar Serrano Erica Salcedo



os PEIDOS DO DOUTOR PEIDORRETUS

PILAR SERRANO ERICA SALCEDO







Os peidos do Doutor Peidorretus
Colección Somos8

© do texto: Pilar Serrano, 2026
© das ilustracións: Erica Salcedo, 2026
© da edición: NubeOcho, 2026
© da tradución: Iria Carballo, 2026
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Los pedos del Doctor Pedorretus*

Primeira edición: Outubro, 2026
ISBN: 979-13-88132-72-8
Depósito Legal: M-18014-2026

Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

*A Luis, Miryam e Salva, por crer nos meus “peidos”.
E a Juanito, por ser inspiración
e facer medrar este catálogo.*


Pilar Serrano

Para Leo e Silas, a quen tanto lles fixo rir este libro.

Erica Salcedo

os PEIDOS DO DOUTOR PEIDORRETUS


PILAR SERRANO ERICA SALCEDO





Os **PEIDOS**, tamén chamados **gases**,
ventosidades ou **flatulencias**, causaron
risas e escándalos en todas as épocas
da **historia...** e da prehistoria!

Causaron **risas...** mesmo no espazo!



O **DOUTOR PEIDORRETUS** é o maior **especialista do mundo** en peidos. Leva moitos **anos** investigando sobre eles. Ímosche contar cales son os máis importantes da súa **famosa clasificación**.





RRooooooooooooom

O PEIDO TERREMOTO

É o máis **potente** de todos, **longo**, **sonoro** e **fedorento**.
Unha arma de destrución masiva.

Os **paleontólogos** aseguran que o **FLATULOSAURO**,
no medio dunha **liorta** co **tiranosauro rex** e varios herbívoros,
foi quen lanzou este peido. Hai quen cre que foi así como
comezou a **extinción dos dinosauros**.

O PEIDO FUGAZ

É rápido, breve, sonoro e potente.

Grazas a este peido, **GASISTÓTELES** (o tataratataravó grego do **Doutor Peidorretus**) levou a medalla de ouro nos 400 metros lisos durante as primeiras **olimpíadas**.

O peido atordou os seus **rivals** e propulsouno con tal forza que... o levou á **vitoria**!



O PEIDO DA VERDADE

É ese **peido parvo** que se che **escapa** sen querer e non se pode **disimular**. A persoa que o bota non ten outro remedio máis que **confesar** que é culpable.

O famoso druída **PEIDORÁMIX** foi expulsado do seu primeiro conclave de **druídas**. O motivo? Escapóuselle un destes no medio dunha **meditación silenciosa**.



O PEIDOGALLA

Metade **peido**, metade **cagalla**, deixa unha **mancha** moi difícil de quitar na roupa interior.

Contan que **LEONARDO PEIDOVINCHI**, ao fixarse nos seus **calzóns sucios**, atopou a inspiración e creou un estilo pictórico **famoso** no mundo enteiro.

Exemplos desta gran técnica pictórica poden apreciarse en varios dos **cadros** do artista. Aínda que el nunca quixo admitir cal foi a **inspiración** real do estilo (si, foron os seus calzóns!).

